10. Incentivar a apertura do centro ao contexto fomentando relacións de colaboración, reais ou virtuais, con outros centros educativos nacionais ou estranxeiros e establecendo relacións con entidades e institucións da contorna.
11. Promover unha educación inclusiva en igualdade e respecto.
12. Propiciar e fomentar o traballo e relacións entre as diferentes institucións.
13. Implicar as familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
14. Informar a todo o equipo docente sobre cursos de formación relevantes para a práctica docente, como dos plans que se levan a cabo (tics, convivencia, titorial,...)
15. Incentivar o uso da biblioteca por parte de toda comunidade.
16. Actualizar e mellorar os diferentes proxectos e plans do centro.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

1. Procurar un ensino-aprendizaxe de calidade para todo o alumnado, atendendo á diversidade presente, detectando dificultades, favorecendo a integración do alumnado que se incorpora ao centro.
2. Reducir a taxa de fracaso escolar.
3. Mellorar o rendemento do alumnado con moi baixas cualificacións.
4. Orientar o alumnado sobre as súas opcións formativas e laborais.
5. Priorizar no alumnado non só o desenvolvemento da dimensión intelectual, senón tamén a ética, social e afectiva, que os converta en persoas plenamente desenvolvidas con capacidade crítica.

6. Potenciar as xuntanzas da Comisión Pedagóxica así como as reunións entre titores e titoras e orientación.
7. Fomentar o uso das novas tecnoloxías e da páxina Web do Instituto.
8. Manter a estreita relación cos colexios adscritos participando en actividades do centro como formación de mediadores, xornadas de portas abertas, conferencias, obradoiros.
9. Detectar as necesidades de formación do profesorado para estruturar plans ou actividades de formación para apoiar o noso proceso de formación continua.
10. Manter a igualdade entre homes e mulleres que participan na comunidade educativa, tanto no que se refire a un “currículo regulador do sistema educativo”, segundo o Artigo 9 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, como no que se refire á “erradicación dos prexuízos nos centros docentes”, correspondente ao Artigo 10 da mesma Lei, coñecida como a *Lei galega para a igualdade de mulleres e homes*.
11. Conseguir unha maior participación do alumnado nas actividades do Centro.
12. Promover e facilitar as xuntanzas de delegadas e delegados para expoñer as súas carencias, necesidades e outros problemas.
13. Promover e favorecer a actividade física e o deporte como elemento para favorecer un estilo de vida saudable.
14. Favorecer o coñecemento de culturas e a aprendizaxe de linguas estranxeiras abrindo o centro a unha contorna internacional en que se establezan asociacións e intercambios con centros educativos doutros países.
15. Conservar e mellorar as instalacións e recursos do centro, reclamando as actuacións pertinentes á Delegación e xestionando axeitadamente os gastos de funcionamento.
16. Conseguir que o alumnado acade ao final do ensino obrigatorio a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais e un bo dominio das linguas estranxeiras impartidas nas seccións bilingües.
17. Integrar o IES na sociedade, converténdoo nun centro cultural da contorna, procurando o achegamento do instituto dentro do contexto no que desenvolve a súa actividade e propiciando un contacto permanente e fluído con outras institucións educativas, concellos, empresas, etc.
18. Manter contacto permanente coas empresas da zona para a sinatura e seguimento dos convenios que permitan a realización dos Módulos Profesionais e da Formación en Centros de Traballo (FCT) do noso alumnado.
19. Coordinar cos servizos sociais e educativos do municipio e con outras institucións, públicas e privadas, os esforzos comúns para a mellor consecución dos fins educativos.
20. Potenciar e facilitar as relacións familia-escola: o acceso ao centro (horario de atención ás familias de todo o profesorado, do departamento de orientación e do equipo directivo).
21. Seguir impulsando a biblioteca, como centro de recursos da comunidade educativa mantendo o seu programa de actividades durante todo o curso escolar encamiñadas ao fomento da lectura e á celebración de conmemoracións: Día da Biblioteca, 25 N, día da Constitución e do Estatuto, da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, da Paz, da Muller Traballadora, do Libro, día mundial da Saúde, semana das Letras Galegas, día mundial do Medio Ambiente, ...
22. Informar, formar o profesorado sobre o Plan de actuación en Prevención de Riscos e Emerxencias e levar a cabo os simulacros pertinentes.
23. Satisfacer a demanda social de técnicos deportivos.

24. Desenvolver convenios de colaboración e intercambio con outros centros educativos.
25. Avaliar a xestión e os resultados.
26. Promover actividades ou talleres que poñan en valor e mostren o beneficio que supón a riqueza multicultural do noso centro.
27. Facilitarlle ao alumnado do centro con menos recursos o acceso ás novas tecnoloxías e na medida das posibilidades a conexión á internet para rachar coa fenda dixital.
28. Actualizar os proxectos e plans do centro á nova lexislación.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

4.1. Normas de organización

ENTRADAS.

O alumnado de **1º e 2º ESO** entrará pola porta lateral (piscina) e escaleiras do salón de actos e o alumnado de **3º, 4º da ESO, 1º e 2º BAC e o alumnado de Ciclo** entrará pola porta principal e subirán ás súas aulas as **8:25** co primeiro timbre e as **8:30** co segundo timbre deberán estar sentados na aula.

Entradas á piscina polo alumnado dos ciclos: Os vestiarios da piscina teñen unha capacidade de 15 prazas para as mulleres, e 10 prazas para os homes. Polo tanto, o acceso do alumnado será do seguinte xeito: Cada 5 minutos entrarán en quendas de 5 alumnos e 7 alumnas. Ás 8:25 o primeiro grupo, ás 8:30 o segundo e ás 8:35 o terceiro.

RECREOS

Durante os recreos respectaranse os mencionados fluxos das entradas e saídas: baixando polas escaleiras do Salón de Actos ou polas escaleiras principais. Ningún alumnado poderá permanecer na aula. O alumnado de BAC pode saír do centro coa autorización dos seus pais ou titores. Ao final do recreo, procederemos do mesmo xeito para regresar ás aulas. A entrada e saída da aula nos momentos de saída e regreso do recreo o profesorado asegurará a orde nos movementos e fluxos do alumnado.

Importante nas saídas

1. En ningún momento, unha vez fóra do centro, poderá facerse grupos ou esperar por outras compañeiras ou compañeiros na beirarrúa e os arredores para evitar aglomeracións, polo que os discentes deberán ir ás súas respectivas casas.
2. O alumnado transportado independentemente do curso no que estea matriculado **ENTRARÁ e SAIRÁ** sempre pola porta principal.

Titoría coas familias

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outras razóns coas familias podrán ser presenciais, por teléfono ou videochat, correo electrónico,..Se a reunión é presencial, as reunións realizaranse nos espazos exclusivos habilitados. O teléfono, Tokapp e o correo electrónico utilizaranse como mecanismo xeral de comunicación coas familias.

4.2) Aspectos xerais

O noso instituto de educación secundaria é o único do contorno máis próximo, nun barrio en permanente evolución e que precisa dun centro dinámico e próximo aberto a todo o alumnado heteroxéneo e de moi diversa procedencia precisará dunha atención específica na que a comunicación coas familias será imprescindible. A clave sen dúbida será o labor do profesorado e das familias que mediante unha

práctica docente integradora e de calidade consigamos que a valoración do centro sexa positiva.

A coordinación do traballo de dirección e do Profesorado, a formación de grupos de traballo para a posible solución de problemas, xunto á xestión eficaz dos recursos e a total democratización das decisións do centro Educativo, é algo que seguiremos levando a cabo neste curso o que nos axudará no proceso de actualización de todos aqueles documentos do centro que o precisen (PEC, PLAN DE CONVIVENCIA, etc..)

A reciclaxe, a actualización e adquisición de novas habilidades para o profesorado, será unha prioridade para poder progresar no que a calidade se refíre polo que continuaremos fomentando a formación integral do noso profesorado a nivel metodolóxico, de novas tecnoloxías e en habilidades sociais, a través dos diferentes plans de formación continuada do profesorado. Isto faise imprescindible para proporcionar un ensino de calidade á altura do século XXI. Isto vai unido a que somos o centro público pioneiro da Coruña que ten instaurado o bacharelato científico- tecnolóxico, STEMbach.

Temos creado un grupo de traballo no Plan de Formación do Profesorado (PFPP) que consiste na implementación do Plan Dixital do centro, unha liña en polos creativos e no plan estratéxico de mellora.

A educación en si mesma, é un investimento de futuro. Apostamos porque o noso alumnado integre na súa personalidade habilidades, destrezas e recursos que lles permitan, en función das súas posibilidades, organizar o seu proxecto de vida, fomentar o pensamento crítico e o enfoque práctico de indagación e resolución de problemas. Con todo isto será fundamental o desenvolvemento das competencias lingüísticas dende a argumentación e divulgación dos proxectos e a competencia dixital facendo uso das novas TIC.

O seguimento, a elaboración e posta en práctica das distintas programacións de aula, adecuándoas e actualizándoas ás necesidades e comprobando o seu grao de consecución. Todos estes aspectos unidos á análise do funcionamento dos diferentes departamentos didácticos, coordinando decisións na elaboración das programacións e a interdisciplinabilidade, para que se poida corrixir e mellorar, a posta en práctica.

Intentaremos elaborar os horarios dunha forma eficiente atendendo non so ás necesidades do centro senón dun xeito que faciliten a consecución dos obxetivos propostos. Incluíranse, como unha nova medida, dentro da acción tutorial, a incorporación das reunións de coordinación de titores e orientador, co propósito de poder abordar a evolución do alumnado e reaccionar con máis prontitude ás posibles dificultades que se detecten, así como as xuntanzas dos diferentes equipos docentes co mesmo propósito.

Toda a arquitectura de elaboración dos horarios, dos grupos e do reparto do alumnado nas diferentes aulas nace dunha concepción pedagóxica centrada nos intereses dos discentes e en favorecer un bo clima de traballo.

A pretensión desta dirección é intentar, cos medios dos que dispoñemos, proporcionar un ensino de calidade para todo o seu alumnado, sen discriminacións de ningún tipo e libre de etiquetas, con dúas guías ideolóxicas moi claras para poder realizar este traballo, por unha banda, a nosa formación psicopedagóxica e por outra, a necesidade dunha disciplina e cumprimento das normas. Por iso a repartición do alumnado realizada por Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación, atende aos seguintes criterios:

- Os informes psicopedagóxicos dos Departamentos de Orientación enviados dos centros adscritos (CPI Raquel Camacho e CPI María Barbeito).
- As recomendacións de Orientación e Xefatura sobre a necesidade ou incompatibilidade para ir nunha mesma clase.
- As recomendacións e acordos dos equipos docentes e xuntas de avaliación e informes facilitados por titores.
- As necesidades de organización do centro. Os espazos/aulas dispoñibles condicionan a repartición do alumnado así como a dispoñibilidade de horas do profesorado.
- As opcións de matrícula das/dos discentes.
- Documentación do expediente académico do alumnado.

- Buscar o equilibrio na distribución de alumnado por grupo: segundo o sexo, número de repetidores ou que promocióne por imperativo legal, alumnado con NEAE.
- Garantir a convivencia.
- A decisión sobre o alumnado con NEAE (os PDC, Reforzos Educativos, Agrupamentos, etc.) corresponde aos equipos docentes e ao Departamento de Orientación logo, de ser o caso, de informe e autorización de pais/ nais.

Isto fai imprescindible facer desdobres, agrupamentos, grupos de reforzo, combinacións e conexións en diferentes materias, etc., Unha arquitectura complexa de articular na organización do centro para poder atender mellor as demandas do noso alumnado e proporcionarlles unha mellor calidade educativa e atención a diversidade. Aspectos que forman parte das liñas prioritarias do noso centro educativo.

En relación á Prevención de Riscos o instituto ten novo plan desde o curso 2018 PLAN DE AUTOPROTECCION. O obxectivo do presente Plan é prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia. O Plan de Autoprotección aborda:

- A identificación e avaliación dos riscos,
- As accións e medidas necesarias para a prevención e control dos riscos,
- As medidas de protección e outras actuacións a adoptar en caso de emerxencia. É imprescindible que toda a comunidade educativa teña coñecemento dos diferentes procedementos e como levalos a cabo co fin de minimizar os riscos, polo que faremos xornadas específicas para o profesorado e alumnado e realizaremos algún simulacro de evacuación para comprobar a coordinación e eficiencia.

4.3.) Ámbito educativo e clima de convivencia no centro.

Este curso e o pasado, debido a implantación da nova lei educativa, o claustro tivo que afrontar a toma de decisións sobre algúns aspectos curriculares na ESO e en Bacharelato. Na nova arquitectura organizativa había que decidir sobre tres aspectos fundamentais: 1º incrementar dúas horas nalgúnas materias de 1º da ESO, 2º decidir os Proxectos competenciais a impartir na ESO e o reforzo ou alternativa para o alumnado de Bac que non quixese cursar relixión.

Na votación saíron elixidas as materias de Educación Física e Lingua Galega para incrementar a súa carga horaria pasando a ter 3 e 4 horas respectivamente en 1º da ESO e Educación Física e Francés que pasan a ter 3h no 2º curso. O proxecto Competencial para 1º da ESO foi “Proxecto Bandeiras” cunha sección bilingüe en francés, en 2º Proxecto investigación multidisciplinar e en 3º e 4º “Hábitos de vida Saudable”. En bacharelato teremos reforzo en Matemáticas e Lingua Castelá, Lingua Galega e Historia. O proxecto Bandeiras consiste en utilizar as bandeiras como vehículo canalizador, xa non só da actividade docente, senón como un fío condutor para o traballo multidisciplinar, abordando os aspectos máis transversais do currículo, xa no so aqueles con carácter máis formativo o académico, senón, como un proxecto polivalente que busca traballar diferentes contidos relacionados cos valores máis universais. O proxecto de Hábitos de vida Saudable, ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionar ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

Por outra banda, para levar a cabo estes proxectos e a propia labor docente no resto de materias, fomentaremos unha metodoloxía educativa axeitada ás necesidades e demandas do alumnado, aspecto fundamental para o éxito do proceso de ensino-aprendizaxe. Para isto faise imprescindible que o ambiente de traballo, dentro e fóra da aula, sexa o axeitado. O clima de convivencia baseado no respecto os compañeiros, o profesorado, o persoal do centro e a toda a contorna, é, a clave para poder desenvolver o labor docente. Poder impartir e recibir clase, é unha prioridade e un dereito. Reducir e eliminar os elementos disruptores proporcionará o ambiente propicio para que se produza unha mellora, dos

resultados, das relacións entre o alumnado e profesorado, animará e axudará a unha gran parte do profesorado neste novo reto de querer aplicar novos procedementos e tecnoloxías, que sen dúbida enriquecerán o proceso educativo. Todos os programas en marcha sen lugar a dúbida axudarán na consecución de este bo clima de traballo.

Algunhas das dificultades atopadas teñen que ver coa mala actitude, o mal comportamento e a total falta de interese por parte dalgúns alumnos. A prioridade, sen dúbida, será a de salvagardar o dereito á educación do 95% do alumnado, que si, ten gañas e interese en aprender e formarse. Ao mesmo tempo, tentaremos redireccionar o comportamento daquel alumnado máis problemático, implicando para iso ás súas familias. É necesario o cumprimento das normas e a asunción de responsabilidades, tendo moi claros os dereitos pero tamén as obrigas e deberes. Habemos de facerlles ver que o centro educativo é un lugar onde formarse, adquirir unha serie de habilidades para o seu futuro laboral, social e mesmo afectivo.

Todo iso baseado en varios alicerces, algúns xa existentes pero son necesarios e que reformaremos e actualizaremos en caso de ser necesarios:

- Plan de Acción Titorial: é moi importante coñecer de primeira man a personalidade, os intereses e as inquietudes do noso alumnado. Esta información é imprescindible para poder alcanzar un maior éxito e solucionar posibles conflitos, así como detectar, aquelas dificultades que podamos atallar. A persoa titora debe converterse na primeira orientadora dos alumnos/as, o seu labor, o seu traballo, a súa implicación, xunto coas actividades programadas en habilidades sociais, de comunicación, xestión de conflitos, de prevención etcétera, axudaranlle na mellora da ambiente da aula e dos seus resultados. O contacto coas familias e co Departamento de Orientación é outra peza fundamental para a consecución destas metas. Temos unha hora de titoría/orientación e equipos docentes.
- Outro alicerce básico será o Observatorio de convivencia: potenciar este observatorio coa firme intención de mediar, solucionar os problemas que xurdirán ao longo do curso, A súa función fundamental e a de fomentar unha convivencia positiva e enriquecedora de toda a comunidade educativa do Instituto en estreita colaboración co dinamizador. Este observatorio reunirse segundo as diferentes situacións que se poidan presentar ao longo do curso, celebrará tamén reunións extraordinarias para estudar aqueles casos de conflito que se presenten e se considere necesario establecer medidas específicas de atención individual ou grupal para a súa xestión a maiores das medidas habituais de atención.
- Equipo de Mediación Escolar. Moitos problemas na convivencia entre o alumnado son derivados de malos entendidos ou de problemas que se crean fóra do Centro e que se trasladan as aulas. A mediación é unha oportunidade que se lles brinda ás persoas cun conflito para sentar xuntas cunha terceira parte neutral (algún membro do equipo mediador), para falar do problema e intentar chegar a un acordo dunha forma positiva e produtiva, que beneficie a ambas partes e que se centre na relación. O equipo está constituído por profesorado, alumnado, pais e nais e persoal non docente, previamente formado. É un servizo que o centro oferta á comunidade e que ten como obxectivos
 - Promover a solución a un conflito.
 - Aumentar a capacidade de toma de decisións.
 - Promover a responsabilidade ante os conflitos.
 - Mellorar a autoestima e a autodisciplina das persoas.
 - Favorecer a convivencia no centro educativo.
 - Detectar e tentar solucionar os problemas de Acoso escolar.

Nesta liña centrámonos en formar cada curso novas persoas mediadoras e estender o espírito da mediación entre toda a comunidade educativa. As persoas formadas convértense tamén en “observadores da convivencia” e están atentos a situacións de conflito que aparecen permitindo mediacións non formais e intervencións temperás.

➤ Prevención do absentismo e do abandono: Nos anos anteriores o tratamento do absentismo escolar e do abandono estivo presente no desenvolvemento dos contratos programas seguindo un protocolo de actuación que consistía nos seguintes puntos:

1º: O titor ou titora controla as faltas de asistencias e as súas xustificacións. Cando as faltas son elevadas intervén a nivel individual e familiar.

2º: Cando se detecta un número elevado de faltas non xustificadas satisfactoriamente, ponse en coñecemento da xefatura de estudos.

3º: Xefatura de Estudos transmite a información ao Departamento de Orientación onde se intenta analizar a situación e intervir tanto co alumno como coa familia.

4º: Se a situación non se corrixe, envíase unha comunicación á familia co aviso de que se procederá a apertura dun Protocolo de Absentismo Escolar, dándolles a oportunidade de reconducir a situación.

5º: Apertura do expediente e notificación a Inspección Educativa.

Preténdese seguir con estas actuacións seguindo as indicación do Departamento de Orientación así coma reunións periódicas cos servizos sociais para poder xestionar a información dunha forma máis áxil.

➤ TIC: A tecnoloxía no ámbito educativo. Para facilitar esta labor contamos cun profesor cunha ampla formación en equipos informáticos, en como empregar os programas instalados neles, como actualizar os contidos da Páxina Web do Centro ou de como crear un curso na Aula Virtual. Procurárase detectar e atender as necesidades de formación do profesorado que xurdan ao longo do curso e a instalación do software que se precise, preferentemente software libre. As liñas de actuación estarán enfocadas a poder acadar as seguintes metas:

- Dotar de contidos a Aula Virtual nos diferentes Departamentos Didácticos.

- Actualizar a páxina web do Centro e publicar a súa documentación, información sobre matrícula, admisión e actividades e publicar na web dinámica, como mínimo unha vez ao mes, de novas relacionadas coa vida do Centro.

- Este ano o plan está enfocado á implementación do Plan Dixital de Centro.

- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades a fin de coñecer e transmitir valores sociais e favorecer o intercambio de experiencias educativas (chat, foros,...) O **Programa Abalar** ha sido abandonado pola consellería o que implica un retroceso na innovación educativa no noso Centro. Para poder acadar as competencias dixitais realizarase Obradoiros de: software que empregan, onde atopar materiais didácticos ou como crealos. Os principais retos que pretendemos acadar son:

- Emprego semanal da aula virtual nas diferentes materias por parte do alumnado.

- Aumentar o número de profesorado implicado no Programa.

- Levar a cabo todos os protocolos de uso de calquera compoñente da aula Abalar.

- Aprender a buscar recursos didácticos para as diferentes áreas.

- Avaliar o proceso de integración das TIC valorando a súa incidencia educativa.

➤ As linguas: A experiencia doutros centros educativos sinala que o ensino bilingüe favorece o rendemento do alumnado e do profesorado, pois estes, coa ilusión da novidade que se lles ofrece e o seu esforzo por salvar as dificultades idiomáticas, afinan as súas estratexias de ensino-aprendizaxe e traballan con máis ansia e convencemento. O obxectivo desta Dirección será valorar a posibilidade de impulsar novas seccións e acadar unha por nivel coa sucesiva incorporación de novas materias. O traballo nas diferentes linguas terá diversos ámbitos de actuación en función de cada unha delas. Por unha banda as linguas estranxeiras e por outra a linguas oficiais. Para o **fomento das linguas estranxeiras** contaremos coas seguintes actuacións:

- Fomentar a cooperación de toda a Comunidade educativa, coa colaboración do Concello da Coruña, Linguas Estranxeiras en Secundaria.

- Campamento de inmersión Lingüística en inglés para 3º da ESO (English Week)

- Na actualidade o centro ten varias Seccións Bilingües en inglés e outra en francés: Sección Bilingüe en Economía 1º Bacharelato, en EF para 4º e 3º da ESO e en musica para 2º, 3º e 4º da ESO. A sección bilingüe de francés en 1º da ESO en Proxecto Competencial.
- Programa CUALE

Co **Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística**: O principal obxectivo é que o alumnado acade ao final do ensino obrigatorio á mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais. A Dirección fomentará a participación dos diferentes estamentos educativos no Equipo de Normalización Lingüística, coa finalidade de promover o uso da lingua galega nas actividades organizadas polo centro sen prexuízo do uso do castelán nas actividades que así o requiran. Para promover estas iniciativas as actividades que levará a cabo o Equipo de Dinamización Normalización Lingüística serán as seguintes:

- Recursos en Lingua Galega, Xogos, Ligazóns, Taboleiro de anuncios, Biblioteca do EDL, Festividades, etc. Conmemoracións de Festividades, Colaboracións con outros Departamentos, en especial coa Biblioteca, seguir coa participación no festival “Con Voz de Primavera” promovido pola asociación veciñal da Agra do Orzán e nacido para potenciar o uso da nosa lingua, etc.
- Convócanse dende hai anos varios concursos: Concurso de cabazas no día de Samaín, Concurso de tarxetas de Nadal, Concurso de monólogos en galego promovido polo Concello, Concurso de cartas de amor e Monólogos en galego no San Valentín, concurso de caligramas no mes das Letras...
- Correlingua.

➤ **Alumnado estranxeiro: acollémoste.** Como xa se comentou con anterioridade, o noso barrio é lugar de asentamento de poboación chegada doutros países. Moito deste alumnado xa ven dos centros adscritos pero tódolos cursos temos incorporacións tardías. Este alumnado vén de sistemas educativos diferentes e en moitos casos descoñecen as linguas vehiculares de ensino no noso sistema educativo. As necesidades, do alumnado que vén de fóra son diversas: lingüísticas, culturais, emocionais, sociais, ... O seu proceso de adaptación é un momento clave que terá consecuencias futuras tanto na súa evolución académica como persoal. Durante este tempo as emocións e sentimentos xogan un importante papel e tamén consideramos moi importante a atención á familia: recollendo toda a información que nos poidan achegar, proporcionándolles información que poidan necesitar e, en xeral, facilitándolles todo o proceso. É por iso que nesta liña potenciaremos as actuacións que se veñen realizando con resultados positivos:

- **Traballo co grupo** no que se incorporan. Previamente á incorporación o grupo recibe información sobre a nova persoa que se vai incorporar e tamén sobre as súas posibilidades de colaboración na facilitación da súa adaptacións e sobre as expectativas que como centro temos con respecto ao seu traballo. Lévese a cabo a través da titoría e o Dep. de Orientación.

- **Avaliación inicial.** Lévese a cabo cando a persoa xa está en condicións de equilibrio emocional para que sexa quen de demostrar as súas potencialidades, en colaboración entre o profesorado de aula e o Departamento de Orientación e que estea máis centrada no que o alumno ou alumna xa sabe que nos posibles déficits que poida presentar. Inténtase tamén que sexa global, non centrada exclusivamente en aspectos académicos.

- **Alumnado titor.** O noso alumnado é un importante recurso no proceso de incorporación de novo alumnado ao Centro. Cando hai unha nova incorporación, noméase a alumnos/as guía que colaboran no proceso de adaptación á nova realidade. Supón desenvolver valores e habilidades que facilitan o noso labor e a súa evolución persoal e social.

- **Titor/a persoal.** Cando é preciso, pódese contar cun profesor que durante o tempo necesario actúa como referente específico para o novo alumno e a súa familia.

- **Plan específico de atención.** Un obxectivo importante sería o deseño dun plan de actuación no que se detallan necesidades, actuacións temporalizadas e persoas responsables na atención ás necesidades que presente o alumno/a de nova incorporación a diferentes niveis: persoal, curricular, nivel da/s linguas, apoios, reforzos..

- **Grupo de adquisición de linguas:** estamos solicitando a Consellería a formación dun grupo de adquisición de linguas xa que este ano se han incorporado o centro 8 alumnos estranxeiros sen ningún dominio das nosas linguas vehiculares.

- Atención á diversidade: diferentes pero iguais. Para a elaboración do proxecto en relación á atención a diversidade terase en conta todos os procesos que se viñan desenvolvendo en cursos anteriores:
- Contratos Programa.
 - Programa de Diversificación curricular (PDC) en 3º e 4º da ESO
 - Proxecto de Fomento da Lectura (Plan Lector).
 - Atención educativa ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).
 - A creación de desdobres e grupos de reforzo en 1º e 2º da ESO

No Consello Escolar hai membros encargados dos programas e iniciativas de coeducación que forman parte do Observatorio de Convivencia. O Plan de Convivencia baséase en desenvolver iniciativas que teñan especial relevancia en proxectos que valoren as diferenzas e que recoñezan a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres. Dentro de este apartado fomentaremos a formación no respecto nos dereitos e liberdades e a igualdade de homes e mulleres. (aplicando Artigo 9 e 10 Lei, 7/2004 coñecida como a *Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.*)

Todas estas medidas teñen como intención o mellorar a calidade do ensino, diminuír o fracaso escolar, o absentismo e mellorar o rendemento académico así como que as relacións de toda a comunidade educativa, melloren.

4.3.1. Análise de plans e proxectos en funcionamento

É a nosa intención continuar na medida do posible con todos os que se están levando a cabo coa firme intención de amplialos e melloralos.

a) **Normas de convivencia:**

b) **Proxecto integración dás tics:** O ano pasado ampliouse a aula de informática con 30 ordenadores e levamos un plan de formación específico en novas tecnoloxías no que participaron 10 profesores pero é preciso seguir formando o profesorado.

c) **Plan de Apoio alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):** as accións deseñadas manteranse traballando na aula de Apoio dado que se adecúan os contidos e actividades ás súas capacidades e perciben certa situación de éxito. Pero o grande desfase entre os seus coñecementos e os do grupo clase no que se encontran ubicados, que avanza moito mais rápido, fai que sexa difícil o éxito na aula ordinaria. Traballamos o afianzamento de técnicas instrumentais básicas (fundamentalmente a fluidez e comprensión lectora e conceptos mínimos de matemáticas). Cos alumnos de reforzo educativo tratábase os obxectivos mínimos do 1º Curso de E.S.O. Cos grupos de R.E. en principio parece que foi positivo que realicemos o apoio en horas de A.E., nas de exención de Francés, para que non perdan o ritmo na súa aula ordinaria o que permite reforzar aspectos que traballan na aula e non afianzaron. Cos alumnos de Inmersión Lingüística non nos preocupa demasiado o seu horario na aula ordinaria, excepto en materias nas que se podían integrar como: E.F, Música. A maiores tamén se farán reunións de tutores e equipos docentes con orientación e xefatura para detectar o mais axiña posible as necesidades, o que vai unido o plan de acción tutorial.

d) **Plan de acción tutorial:** como se relata nas liñas de actuación este plan é prioritario. A dificultade radica en que o profesorado tutor estea capacitado e se implique nas súas funcións. Levalo a cabo e vivir o súa execución é clave. Coordinando a dirección, orientación e tutores velarase polo seu cumprimento.

e) **Plan de orientación académica e profesional (POAP):** é necesario axudar ao Departamento de Orientación. Para facelo tomaranse dúas medidas descritas nas liñas de actuación, a creación de perfís profesionais en colaboración coas empresas e entidades do barrio e a segunda serán visitas,

charlas, sobre saídas profesionais, diferentes ciclos, graos, enxenerías así como a colaboración cos servizos de orientación universitario. Actuacións específicas presente no PAT, POAP, de Titoría e Orientación Educativa en aspectos que consideramos importantes como: xestión de conflitos, habilidades sociais e de comunicación, saúde e sexualidade, realidade intercultural, ...

- f) **Proxectos de Fomento do galego e linguas estranxeiras:** apoiarase en todo momento as medidas e iniciativas aquí propostas para lograr un maior respecto e uso dá nosa lingua, así como seguir apostando polas seccións bilingües.
- Plan Lector de centro desde hai dez cursos. Clubs de Lectura, desde fai sete cursos, onde temos club de lectura en francés.
- g) **Proxectos contratos programa:** potenciar o desenvolvemento das competencias clave, mellorar a convivencia, reducir as taxas de abandono escolar temperán, promover a igualdade de xénero e a inclusión, afondar no logro da excelencia educativa, así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación. A iniciativa de Contratos-programa (CPIInclúe) 2023/24 constitúe un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero). Acadar o éxito educativo a través da implementación de programas que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa. CPIInclúe está en consonancia coas pautas do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que incorpora espazos accesibles e inclusivos para toda a comunidade educativa, para o uso equitativo e igualitario, desde a visión da accesibilidade e do deseño universal e derrubando barreiras. Consta de 5 actuacións: QUÉDA-T. IGUÁLA-T. CONVÍVE-T. INCLÚE-T. EMOCIÓN-T
- h) **Plan PROA+** Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021- 2024 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia. Busca lograr o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado vulnerable que non alcanzase os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente. Reforzar o alumnado que presente especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, ou presente áreas non superadas. O reforzo ao longo de todo o curso 2023/24 vai dirixido a 1º e 2º da ESO.
- Xa que tivemos que solicitar un PT para o noso alumnado de NEAE pois a consellería no nolo deu. Tendo que renunciar o reforzo de matemáticas
- i) **Equipo de mediación escolar:** resultará importante manter e potenciar este equipo, formando novos mediadores coa finalidade de poder levar a cabo parte das medidas e liñas de actuación establecidas.
- j) **Plan de intervención en absentismo escolar :** existe un protocolo de actuación fronte ao absentismo e outro dos problemas de conduta que se someterán a revisión.
- k) **Plan de Autoproteccion:** recolle todas as medidas e protocolos de actuación no que a Prevención de riscos se refire. Se levaran a cabo as medidas e simulacros contemplados así como as formacións necesarias.
- l) **Programa MUS-E:** Seguimos a formar parte do Programa MUS-E que foi creado por Yehudi Menuhin. A finalidade do Programa MUS-E é o traballo desde as Artes, no ámbito escolar, como ferramenta que favorece a integración social, educativa e cultural dos alumnos e as súas familias, mellorando con iso o seu rendemento na aula. O MUS-E fai fincapé na importancia do diálogo e a interacción así como o desenvolvemento da creatividade e a imaxinación na práctica educativa para a mellora das aprendizaxes na escola e en traballo en valores.
- m) **PLAMBE:** O Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares é un programa iniciado en 2005 que está a impulsar a transformación das bibliotecas escolares nos centros. Pero máis aló dos recursos, as bibliotecas son un instrumento esencial para a innovación educativa na medida en que propician e lideran a utilización de metodoloxías activas, a integracións das TIC en contextos reais de aprendizaxe e o traballo por proxectos. Á nosa biblioteca nolo concederan no curso 2017/18. O PLAMBE facilita recursos e formación a un profesorado interesado en facer da súa biblioteca un

espazo de aprendizaxe, en liña coas esixencias da normativa educativa vixente. Un total de 3 profesores e 5 profesoras forman parte da nosa pequena pero dinámica biblioteca.

- n) **Club de lectura:** As finalidades seguen a ser as mesmas, ler polo pracer de ler, fomentar a lectura, axudar a crear ambiente lector no centro e nas familias. Promover a relación, a participación e o traballo en grupo, aumentando o pracer da lectura compartíndoa con outros clubs de lectura e dinamización da Biblioteca Escolar. Contribuír ao desenvolvemento do Proxecto Lector. A maiores do iniciador club Babel e club de lectura de 1º e 2º e o club de lectura de banda deseñada, seguimos co club de Poesía para fomentar a lectura desta maravillosa forma de expresión, sen esquecer a liña de lectura en francés, o club de lectura LGTBIQ+ e o recién integrado club de lectura científico.
- o) **Club de Ciencias e Tecnoloxía, AgraCITE:** é unha novidosa forma de dar protagonismo ao alumnado na práctica das Ciencias, quen mostrarán o seu enxeño para comunicar, de forma amena, os seus proxectos ao longo do curso escolar. O IES Agra do Orzán vén traballando na última década en diferentes propostas relacionadas co STEM. Todos os cursos participa no “Día da Ciencia na rúa” que expón e promove os Proxectos do departamento de Bioloxía e Tecnoloxía. Durante todo o curso o alumnado participará en diferentes obradoiros.
- p) “Posto educativo no fogar” enmárcase dentro do **programa “Educa en Dixital Galicia”**, asinado pola Xunta de Galicia, Red.es e o Ministerio de Educación e Formación Profesional, está baseada na adquisición de equipos informáticos con servizo de conectividade asociado para o alumnado de centros educativos públicos da comunidade galega. Para unha distribución ecuánime e equitativa deste equipamento entre os centros tivéronse en conta diferentes parámetros como o nº de alumnado matriculado en cada unha das ensinanzas que se imparten en cada centro. No IES Agra adxudicáronnos 39 *kits* (ordenador portátil acompañado dun router de conexión a Internet sen fíos) co obxecto de ser prestados a estudantes en situación de risco de fenda social tecnolóxica e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet do alumnado galego.
- Q) **PROGRAMA CUALE:** este ano nos incorporamos ao programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos. Desenvolvemento: As clases desenvolveranse en dúas sesións á semana por cada nivel (A2 e B1), impartidas en dúas tardes á semana (luns e mércores) que servirán para acadar as competencias de comprensión e expresión oral e escrita correspondentes a cada un dos niveis, segundo o Marco Común de Referencia nas Linguas (MCERL). Número de alumnos para o 23/24 Nivel A2:16 (4 rapaces, 12 rapazas) de 4º ESO Nivel B1: 16 (3 rapaces, 13 rapazas) de 1º Bacharelato
- R) **PFPP:** plan de formación do profesorado en polos creativos.

4.4.) Participación e colaboracións internas e externas.

No que a participación e colaboración cos axentes internos e externos refírese esta dirección centrará os seus esforzos en tres vías.

1) As familias.

O tempo e a experiencia dinos que a consecución de calquera meta a nivel educativo pasa irremediamente pola implicación das familias. Asumir responsabilidades na formación dos seus fillos/as coordinándose co profesorado, é a clave do éxito. O control, a motivación, establecer rutinas de traballo, é un labor bidireccional. Por outra banda apoiar a ANPA nas súas necesidades, facilitándolles o uso das instalacións, a organización de actividades e os horarios de reunións, mantendo unha actitude de diálogo constante e recollendo as súas demandas na medida do posible.

2) Os centros educativos e culturais.

O traballo conxunto, a coordinación e colaboración cos centros adscritos é de vital importancia para planificar o traballo de cada ano, conformar os grupos e detectar con antelación posibles dificultades. Centros como o Ágora, o Concello e os seus diferentes servizos municipais (sociais, deportivos...). Proporciánanos o apoio e a axuda necesaria para complementar a formación do noso alumnado en forma de talleres, obradoiros, cursos variados e actividades que tamén se ofertarán ao resto da comunidade educativa. Son as Actividades Complementarias, aquelas que completan, dalgún xeito, os contido curriculares, pero teñen un carácter diferente as lectivas, son obrigatorias para o alumnado e poden, ser

avaliadas. As Actividades Extraescolares van encamiñadas especificamente a potenciar a apertura do Centro ao seu contorno e o mundo, coa fin de procurar a formación integral do alumnado. Estas actividades realízanse fóra do horario lectivo e terán carácter voluntario.

A colaboración con Arquitectura sen Fronteiras en consorcio coa UDC, a través do Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria cun proxecto que pretende fortalecer as capacidades dunha comunidade-barrio e de actores multiplicadores clave para identificar as vulneracións do dereito ao hábitat que viven, así como para fortalecer as capacidades e ferramentas para a defensa do mesmo.

Outra parte importante no proceso educativo do alumnado son os **Obradoiros organizados desde o departamento de orientación** que realizaranse ao longo de todo o curso en horario de titoría. Nos que se tentará acadar os seguintes obxectivos:

- Educar o alumnado de xeito integral contribuíndo á formar persoas preparadas para vivir nunha sociedade cada vez máis plural.
- Mellorar a convivencia no centro.
- Contribuír ao desenvolvemento das liñas IGUALA-T e INCLUE-T da convocatoria de Contratos-programa na que o centro participa cada curso.
- Coñecer diferentes xeitos de ser e estar no mundo e respectar diferentes as diferentes formas de facelo.
- Previr desde idades temperás diferentes adicións, tanto a diferentes substancias como ás novas tecnoloxías, o xogo, as redes sociais...
- Fomentar a erradicación de condutas discriminatorias de calquera tipo (raza, relixión, lingua, opcións sexuais...) entre o noso alumnado.
- Desenvolver habilidades sociais (empatía, respecto, tolerancia, asertividade...) e de comunicación (iniciar e rematar unha conversa, escoita activa, saudar, agradecer...) como ferramentas para desenvolverse na sociedade.
- Mellorar a autoestima do alumnado aprendendo a aceptarse como son e recoñecendo as súas virtudes e posibles defectos.
- Contribuír ao equilibrio emocional do noso alumnado para evitar lesións autolíticas, problemas coa alimentación, fobias obsesivas, depresión e mesmo tentativas suicidas.

A través dos contidos:

- Prevención de consumos de substancias.
- Uso responsable de Internet e redes sociais.
- Convivencia positiva e xestión de conflitos.
- Adicións: videoxogos, redes sociais, pornografía, ...
- Alimentación e hábitos de vida saudable.
- Educación afectivo-sexual.
- Igualdade e non discriminación.

3) As Empresas e Sociedades Deportivas:

A nosa relación coas empresas da contorna así como de outros municipios próximos é imprescindible e necesaria. Os contactos coas empresas, e profesionais do barrio e dos arredores, coa idea de establecer perfís profesionais que nos permitan, ofrecer a o noso alumnado unha conexión real coa sociedade e o mundo laboral que lles espera. Estes perfís incluírán aspectos aptitudinais (formativos) e actitudinais (esfuerzo, compromiso, respecto) e teñen como finalidade facer ver aos estudantes, a necesidade na sociedade actual, de educarse e formarse. Estas relacións tamén son de cara a facilitar o alumnado de formación profesional o seu lugar de prácticas **Formación en Centros de Traballo (FCT)**. Temos unha ampla rede de empresas coas que vimos colaborando desde fai anos como son a “Casa do auga”, o “Clube do Mar de San Amaro”, Altafit.

5- CONTROL E AVALIACIÓN

Imos establecer os mecanismos de control necesarios para avaliar os diferentes programas que se levarán a cabo. A organización e xestión dos recursos, os resultados académicos, todo o procedemento educativo, sen centrarnos tan só no alumna/o, senón que realizaremos unha avaliación pasando desde as programacións curriculares, a convivencia, a intervención do profesorado e das familias, ata o labor de dirección.

A avaliación do proxecto e das principais liñas de actuación, van en consonancia cos obxectivos propostos. Este traballo de avaliación faise imprescindible para poder comprobar o grao de consecución dos obxectivos, poder analizar os resultados das diferentes actuacións, o que se fixo, o que non, e como o fixemos, nos proporcionará a información necesaria, para poder tomar decisións. Será a través dun proceso continuo onde non só se poñerá en valor o produto final senón tamén todo o camiño para chegar ata el. Esta análise e reflexión permitirá así mesmo establecer mecanismos correctores que permitan que o produto final teña unha maior calidade, permitindo tamén que todas as persoas participantes se enriquezan. Centrarase nas seguintes dimensións:

- A. Xestión, planificación e estratexias xerais
- B. Dirección, organización, funcionamento e profesorado
- C. Educación, liderado pedagóxico
- D. Participación e colaboración.

A) Análise da programación xeral do ano anterior e dos documentos do centro co seu grao de consecución recollidos na memoria anual para a súa revisión e axuste, así como de todos os plans e proxectos en marcha, do centro. Os coordinadores e responsables, xunto coa dirección elaborarán, actas e planillas de resultados cos que poder avalialos.

B) A xestión dos recursos do Instituto, o seu balance de contas, a análise das necesidades de material, equipamento, reparacións ou profesorado necesario, ata todo o que ten que ver coa intervención pedagóxica do profesorado.

a. Programacións didácticas: elaboración, posta en práctica, grao de consecución criterios de avaliación, cualificación. Antes, durante e despois en colaboración cos departamentos e os seus xefes a través de actas, memorias, estatísticas e enquisas.

b. A docencia: o acto en si de impartir docencia debe de ser un proceso de permanente análise e reflexión para o profesorado e alumnado. A metodoloxía, materiais e recursos didácticos, deben adaptarse ao tipo de alumnado. Se fará a través de diferentes ferramentas como planillas de resultados, debates, enquisas dos alumnos, dos que extraer unha valiosa información para mellorar, a práctica docente e o propio clima de convivencia.

c. Formación: avaliarase a participación tanto nos plans de formación do profesorado, como a implicación nos proxectos, e comisións que se levarán a cabo, así como o seu grao de aproveitamento, e se é posible, a súa posta en práctica.

C) Educación, liderado pedagóxico é unha dimensión na que haberá un apartado máis formal que correrá a cargo da avaliación diagnóstica, as pre-avaliacións e as avaliacións propiamente ditas, que nos achegarán información sobre os resultados académicos, rendemento e fracaso, pero tamén, faise necesario o medir outra serie de aspectos como, as condutas disruptivas na aula, a integración, evolución, do alumnado con problemas ou necesidades que se realizará a través do traballo de tutoría e orientación. Obteremos a información necesaria para poder axudar na mellora, tanto dos resultados, como da convivencia, de novo, a través de charlas, reunións con familias, actas de comisións de convivencia, enquisas e redaccións persoais.

D) Participación e colaboración internas e externas. A avaliación deste apartado fará referencia ás relacións que se establecerán coas familias, outros centros educativos e empresas nas que se rexistrará, nas reunións, os temas tratados e as conclusións alcanzadas, redactando as actas correspondentes e memorias.

6- FERRAMENTAS ESPECÍFICAS DE AVALIACIÓN

- Memoria sobre cursos de formación, grao de aproveitamento e participación.
- Enquisas de satisfacción para alumnado sobre diferentes temáticas, talleres, programas, profesorado, titoría, convivencia e redaccións persoais.
- Estatísticas de resultados, preevaluacións e avaliacións diagnósticas.
- Memorias dos departamentos e dos plans e proxectos en funcionamento.
- Libros de actas da aula de convivencia, de mediación, informes varios, apercibimentos, expedientes, titoría, orientación, ...
- Valoración da xestión e dificultades polo claustro, CCP, Consello Escolar, ANPA...
- Informes externos como por exemplo os informes de inspección e de servizos de emerxencias por actuacións.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES IES AGRA DO ORZAN

ACTIVIDADES DO ANPA

CALENDARIO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES				
<u>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES</u>				
	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves
18:00-18:50	BALONCESTO (Pabellón)	VOLEIBOL (Pabellón)	BAILE MODERNO (Pabellón)	SKATE (Exterior/Pabellón)
18:00-19:00	PARKOUR (Gimnasio)	PARKOUR (Gimnasio)	PARKOUR (Gimnasio)	
18:00-19:00	PERIODISMO	ROBÓTICA	AERONÁUTICA	YOUTUBERS & STREAMERS

Además de las extraescolares ofertadas en el mes de septiembre, esperamos incorporar en enero (o antes, si fuera posible), alguna otra actividad subvencionada por el Concello da Coruña; las que hemos solicitado son: *EnglishLab*, *On Parlé*, *Xadrez 2* y *Teatro*, que se realizarán en aulas del instituto lunes y miércoles de 4 a 6 de la tarde, aunque no descartamos ampliar la oferta.

También estamos barajando la posibilidad de organizar actividades, fuera del horario lectivo, de duración más corta como jornadas, mini cursos, conferencias,...

Colaboración en las graduaciones de 4º ESO y 2º Bachillerato.

La recaudación de la venta de la Lotería de Navidad irá destinada a colaborar en las graduaciones que se celebren en el instituto. Apoyar al alumnado en las iniciativas encaminadas a recaudar fondos para actividades programadas desde el instituto y similares.

Puesta en marcha de unas "Jornadas de cine inclusivo", en el instituto.

Organizar actividades para los alumnos de primero de bachillerato que no tengan que acudir a los exámenes de la convocatoria extraordinaria de junio.

Puesta en marcha, con carácter experimental, de un fondo solidario de libros de lectura, de cara a crear un fondo solidario de libros de texto para el curso 2024-25

Proyectos para socios.

Mejorar la comunicación con socios y no socios

Crear un enlace en la página web del centro para informar de nuestras iniciativas.

Volver a utilizar el tablón de anuncios que hay reservado para el ANPA en el centro.

Poner en marcha, una "Escuela de familias", preferiblemente online y con alguna actividad presencial, fuera del horario lectivo del instituto.

Comenzaremos con el curso online "Menores y seguridad en la red" que desarrollaremos durante el 1º trimestre.

Intentaremos organizar alguna actividad en colaboración con la "Federación de ANPAS" de la que somos miembros.

DEPARTAMENTO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

1º ESO: Visita ao "Aquarium Finisterrae" no 2º trimestre.

3º ESO y 3º PDC: Ruta pola costa de Dexo-Serantes no 1º trimestre

Visita á Domus e taller de disección do corazón no 3º trimestre.

4º ESO: Ruta polas Fragas do Eume no 3º trimestre.

1º BAC Bioloxía e Anatomía aplicada: Visita á Domus e taller da PCR no 2º trimestre.

DEPARTAMENTO DE DEBUXO.

1º E.S.O.:

Saída didáctico-cultural a o “CENTRO GALEGO DA ARTE CONTEMPORÁNEA” en Santiago de Compostela, coa finalidade de dar a coñecer ao alumnado e que vexan nel as exposicións e participen no obradoiro que nese momento teñan; tamén para visitar o “MUSEO DO POBO GALEGO”, e nel ver as súas salas coas exposicións permanentes, que constitúen un conxunto ordenado e documentado de manifestacións diversas da cultura tradicional galega, en temas como: o mar, o campo, os oficios, a música, a indumentaria, o hábitat, a arquitectura e as artes plásticas. Estas visitas tamén terán por obxecto intentar acercar ao alumnado á realidade do feito museístico, así como a comparación e diferenciación dos dous tipos de museos a visitar, un cunha concepción máis tradicional, como é o Museo do Pobo Galego e outro menos convencional e máis cambiante como é o Museo do Centro Galego da Arte Contemporánea; pretendendo nos dous que o alumnado realicen contemplacións, observacións e deleite das obras artísticas galegas, nacionais e internacionais. Procurarase facer esta saída preferiblemente durante o primeiro trimestre do curso, e de non ser posible facela durante o segundo trimestre, sendo a súa duración dunha mañá completa.

3º E.S.O.:

Saída didáctico-cultural en autocar ou andando na cidade de A Coruña, para visitar o seu “MUSEO DE BELAS ARTES”, para ver as exposicións permanentes que nel teñen: gravados de Goya, pinturas e esculturas dos séculos XVII, XVIII, XIX e XX, tanto galegas, españolas como internacionais. Logo aproveitarase esta saída para visitar tamén na mesma cidade o “MUSEO DA FUNDACIÓN PEDRO BARRIE DA MAZA” para ver as exposicións de arte contemporánea que nese momento teñan e participar no obradoiro que se organice con motivo das mesmas. Estas visitas tamén terán por obxecto intentar acercar ao alumnado á realidade do feito museístico, nas súas dúas vertentes, unha máis clásica e convencional, como son as exposicións permanentes do Museo de Belas Artes, e outra máis cambiante e menos convencional, como son as exposicións de arte contemporánea do Museo da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Pretendendo nos dous casos que o alumnado realice a contemplación, observación e deleite das obras artísticas. Intentarase levar a cabo esta saída durante o primeiro ou segundo trimestre do curso, procurando a ser posible que a súa duración, sexa dunha mañá completa.

4º E.S.O.:

Intentarase levar a cabo unha saída didáctico-cultural complementaria e extraescolar, en autocar ou andando na cidade de A Coruña, para visitar o “MUSEO DA FUNDACIÓN LUIS SEOANE”, para ver a exposición permanente do mesmo, así como as exposicións temporais que nese momento teñan e participar nos obradoiros que como consecuencias das mesmas podan existir. Logo aproveitarase esta saída para visitar tamén na mesma cidade ás exposicións que teñan no “MUSEO DA FUNDACIÓN DA ABANCA”. Ambas visitas terán por obxecto acercar ao alumnado a realidade do feito museístico, peculiar innovador e cambiante dos museos da arte contemporánea; así como que o alumnado contemple, observe e se deleite coas obras galegas, nacionais e internacionais. Intentarase levar a cabo esta saída durante o primeiro ou segundo trimestre do curso, procurando que a súa duración, sexa dunha mañá completa.

1º e 2º DE BACHARELATO:

Intentarase levar a cabo unha saída didáctico-cultural complementaria e extraescolar, andando na cidade de A Coruña, para visitar o MUNCYT (Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía), en colaboración con outros departamentos de ciencias, como pode ser o de Física e Química, ou o de Tecnoloxía. Intentarase levar a cabo esta saída durante o primeiro ou segundo trimestre do curso.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

2º ESO □ Visita ao Muncyt. Laboratorios de Física e Química, talleres

3º ESO □ Visita a unha central enerxética, Visita á Casa das Ciencias da Coruña

4º ESO □ Talleres na Domus. Como se desarrollan los fármacos

1º Bacharelato □ Visita a CICA, CITEC y Refinería

2º Bacharelato □ Visita á Facultade de Ciencias (Xornada de portas abertas)

Talleres na Domus. PCR: investigamos a escena de un crimen.

En caso de non poder realizar alguna destas actividades, queda aberta a realización doutras que poidan xurdir ao longo do curso.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

CUR	ACTIVIDADE	OBXECTIVOS	TEMPO	RESPONSABLE	BUS
1º ESO	Xogos na praia de Gandarío	Experimentar unha actividade deportiva e de convivencia no medio natural	3º trim	SERGIO PADIN	SI
1º ESO	Visita ao Urban Planet Jump de Oleiros	Experimentar unha actividade que compromete a motricidade a acrobacia	1º trim	ISA CARRACEDO SERGIO PADIN	Si
2º ESO	Surf na praia de Bastiaqueiro	Experimentar unha actividade deportiva e de convivencia no medio natural	1º trim	ISA CARRACEDO SERGIO PADIN	SI
4º ESO	Activ. de escalada no recórdomo. de Riazor.	Experimentar unha activ. propia do medio natural nunha instalac. adaptada e existente da contorna	1º trim	ANA MARTINEZ	No
3º ESO	Actividades Acuáticas en Oza.	Coñece e experimentar as activ. de kayak e paddle surf.	3º trim	ANA MARTINEZ	SI
3º e 4º ESO	Xogos na praia de Riazor	Realizar actividades física ao aire libre na contorna	1º e 3º trim	ANA MARTINEZ E ISA CARRACEDO	NO
1ºº BAC	Rafting(posibilidade incluír 2º bac)	Experimentar unha actividade acuática no medio natural.	3º Trim	ALBA CARREGAL	SI
3º ESO	Semana Branca. (Posibilidade de incluír outros cursos)	Experimentar unha actividade propia do medio alpino.	2º trim	ISA CARRACEDO	NO
Todos os curso	Xornadas de RCP e 1º auxilios teórico-prácticas. Charlas prot. civil	Coñecer, recordar e prácticas os protocolos básicos de RCP e primeiros auxilios. Unha vez por trimestre na clase de EF	1º TRIM.	ANA MARTINEZ	NO
Todos os curso	Recreos activos.	Fomentar a práctica de actividades físico-deportivas.	Todos os recreos do curso.	ANA MARTINEZ	NO

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

1. Colaboración con actividades realizadas na Biblioteca do propio centro educativo e do centro municipal Ágora así como no CEIP Raquel Camacho (Educación Infantil).
2. Clubes de lectura e club Partageons para 1º , 2º ou 3º de Secundaria. Visita cultural de temática francófona para o alumnado participante nestes clubs.
3. Viaxe cultural a Suíza(Xenebra) para visita do CERN e da ONU e outras institucións para alumnado de 1º Bacharelato e CUALE B1 xunto con 1º bacharelato STEM (marzo 2024)
4. Excursión a distintos museos da cidade (Casa dos peixes, Muncyt, Casa Picasso, Castelo de San Antón, Planetario), visitas guiadas en francés polo auxiliar de conversación.
5. Gymkanas en francés por diferentes museos ou na contorna do centro educativo.
6. Visita guiada pola cidade (ruta de Napoleón). Datás probable: 2º trimestre.
7. Actividades e visitas ao aire libre para a Elaboración dunha guía turística en francés polo alumnado de bacharelato.
8. Actividades ao aire libre en colaboración co dpto. De Educación física (materias de E.F. e de Habitos saudables), e guiadas pola Auxiliar de conversación(petanca.) Datás probables: xuño.
9. Intercambio online ou presencial con alumnado de centros educativos franceses.
10. Chats e correos con alumnado francófono.
- 11.Asistencia á representación teatral.
12. Actividades propias da área de francés:Proxeccións de películas, tales como *Bande de filles* , *Entre les murs...* *La famille Bélier....* Festival de chansons de Noël . Atelier gastronomique. . Festival de la Francophonie . Contacontos . Performances .Concours de cartes de vœux.

DEPARTAMENTO INGLÉS

Actividad cultural no centro para ESO: data sen determinar.

Teatro en Inglés para todo ESO: data sen determinar.

Viaxe a Inglaterra para 4 ESO: do 23 ao 30 de Xuño.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

-Día da ciencia na rúa e a Feira Matemática a determinar data pola organización e alumnos participantes, pero serán voluntarios de todos os niveis.

-Matemáticas na Raia, a determinar data pola organización, cun grupo de 3º da ESO.

-Exposición de Escher no Ágora, en colaboración co Departamento de Plástica, a determinar data pola organización, cos grupos de 3º de ESO.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Para o presente curso 23-24, o Departamento ten pensado complementar e enriquecer a labor docente coa participación en concertos didácticos, visitas a museos o estudos de gravación, rutas culturais..., sen que sexa posible determinar de momento datas e actividades concretas estando a espera de que se publiciten datas e se confirme a posibilidade de realizar as visitas. O seguinte calendario é unha estimación pendente de confirmar así mesmo, **non nos pechamos a incluír algunha actividade de interese que poda xurdir ao longo do curso.**

1º Trimestre

Concerto de Santa Icaía 2º, 3º e 4º ESO Aula de Música/Biblioteca Novembro

Concerto solidario de Nadal Coro Centro de día Novoboandanza Decembro

2º Trimestre

Concertos Didácticos OSG 2º, 3º e 4º ESO Pazo da Ópera Xaneiro 2024

Visita ao museo CENTRAD de Lugo 3º ESO Museo CENTRAD. Lugo Martes. Pendente de confirmar data precisa

3º Trimestre

Musiqueando 2º, 3º e 4º ESO Instituto Abril 2024 Visita ao Museo de Pontevedra 4º ESO Pontevedra Martes. Pendente de confirmar data precisa

Guía literaria Luisa Villalta 3º e 4º ESO A Coruña centro Maio. Pendente de confirmar data precisa

Igualmente seguiremos coas actividades complementarias de duración anual que adoitábamos a facer na aula de Música durante os tempos de lecer (coro dos recreos, práctica instrumental de conxunto, proxecto radio etc).

Estamos tamén abertos á realización doutras actividades complementarias que podan xurdir ao longo do curso, así como á colaboracións con outros departamentos.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

Valorarase coa Xefatura de Estudos a oportunidade de dar, ou non, participación aos alumnos que teñan sido apercibidos por mal comportamento aínda que os seus pais ou titores lles dean permiso para asistir á actividade.

No caso de saídas onde haxa ausencia de prazas será o profesor quen decida de xeito flexible, e de acordo co equipo Directivo, os criterios para permitirlle a asistencia a un determinado alumno.

OBXECTIVOS:

- Achegar aos alumnos á cultura relixiosa do seu entorno
- Recoñecer os distintos símbolos e obxectos relixiosos cristiáns
- Levar a cabo actividades conxuntas con outros departamentos

1º E.S.O.:

- Visita Cidade Vella, a mañá do xoves 6 xuño.
- Charla dun misioneiro que colabora coa ONGD Mans Unidas (Mes de Febreiro).

2º E.S.O.:

- Visita a Santiago de Compostela (Catedral y su museo, Museo das Peregrinacións etc.) todo o día Martes 23 xaneiro.
- Charla dun misioneiro que colabora coa ONGD Mans Unidas (Mes de Febreiro).

3º E.S.O.:

- Visita á catedral e museo de Lugo (todo o día). Martes 19 marzo.
- Charla dun Misionero que colabora coa ONG Mans Unidas (Mes de Febreiro).

4º E.S.O.:

- Visita Tui (catedral, cidade) (todo o día). Martes 9 abril.
- Charla sobre Explotación infantil a cargo da ONG Tierra de Hombres (na clase da materia)
- Charla sobre trasplantes de órganos impartida polo CHUAC, xunto co Departamento de Bioloxía (Xaneiro).
- Apadriñamento do grupo de clase da materia, a un neno/nena de Honduras, a través da Fundación ACOES.

1º Bach. :

- Visita a Pontevedra no mes de Novembro ou coa posibilidade de facela en Xuño cando comeza o período de recuperación de materias.
- Participación no Congreso “Lo que de verdad importa” (Palexco) datas sen determinar, probablemente en Marzo.

2º Bach.:

- Participación no Congreso “ Lo que de verdad importa”(Palexco) datas sen determinar probablemente en Marzo.
- Tramo do Camiño de Santiago xunto co IES Salvador de Madariaga no mes de outubro.

Se engadirán á programación aquelas charlas ou visitas que poidan xurdir ao longo do curso e que non se contemplaron ao inicio. Intentarase que non coincidan co 3º trimestre tal e como se acordou no claustro.

DEPARTAMENTO TECNOLOXÍA

No departamento fomentaremos a participación en calquera proposta relacionada coa Tecnoloxía e as TICs.

1º ESO

Visita ao MUNCYT, Museo de ciencia e tecnoloxía. Participación en talleres na DOMUS de Iniciación Á Robótica.

2º ESO

Visita ao Parque de Sotavento: Parque experimental relacionado co Bloque de Enerxías. A visita durará todo o día, pola mañá o Parque e pola tarde visitaremos o entorno da Central Térmica de As Pontes e o Lago artificial. As datas propostas son o 23 e o 30 de abril.

Participación na Liga MAKER DRONI” da Fundación Barrie

3º ESO EDUCACIÓN DIXITAL

Actividades de fomento do bo uso das TICs propostas por INCIBE e AMTEGA: “*Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais*”

Participación no Programa: Agra: un barrio de coidados (Fase 1)

4º ESO TECNOLOXÍA e DIXITALIZACIÓN

Museo Didáctico de Telecomunicaciones MUDITEL

Participación en el programa Zinkers de la Fundación Repsol.

Participación en “V Ciberliga 2023”

1º Bacharelato e 2º Bacharelato (TECNOLOXÍA e ENSEÑARÍA e TICs)

Participación no Concurso de Robótica organizado por IGACIENCIA .

Desenvolvemento do **Programa experimental do Bacharelato en excelencia STEM**, desenvolvendo a materia InnovaCITEM e participando nas actividades planificadas neste proxecto.

Solicitaremos unha visita ás instalacións da Refinería de Coruña xunto có departamento de Física e Química

Para todos os niveis:

Participación nas actividades do Club de Ciencia “AgraCITE”, entre elas o “Día de la Ciencia en la calle”, 4 de maio, onde se exorarán os proxectos dos rapazes no parque de Santa Margarida.

Fomentaremos a participación en calquera proposta relacionada coa Tecnoloxía e as TICs.

Participaremos en calquera actividade promovida polo Centro ou por algún Departamento que poidera resultar interesante para o alumnado.

Participación en colaboración coa Biblioteca no club de lectura científica.

Asemade o departamento participará nas actividades que xurdan durante o desenvolvemento do curso e que sexan de interese para o noso alumnado.

CLUB DE CIENCIAS

- Participación no “Día de la Ciencia en la Calle” o día 4 de maio, no Parque de Santa Margarida.

- Congreso de ASEICA no 13 ao 16 de novembro na Fundación Paideia. Horario por determinar.

- Roteiro fin de curso cós alumnos que participan nas actividades do Club de Ciencias.
 - Concurso IGACIENCIA Robótica e Drons no mes de novembro. Data e horario por determinar.
- Os alumnos que participan nas actividades do club, reúnen-se os martes no centro, en horario de 14:10 a 16:10. Os que van comer a casa incorpóranse ás 15:00 h.
- Calquera actividade, congreso, visita, etc. que xurda durante o curso e que sexa de interese para o club.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

EXTRAESCOLARES:

- Carreira ENKI: sábado, 21 de outubro de 2023. (4ºPDC)
- Posibles desprazamentos, fóra do horario escolar, que poidan xurdir durante o curso relacionados coas materias de departamento, en calquera nivel. (1ªav., 2ªav., 3ªav.)

COMPLEMENTARIAS:

- ALFIN e AMI. Alfabetización mediática e informacional en colaboración coa biblioteca do centro e co centro Ágora. 1º trimestre (inicio o 16 de outubro). 1º e 2º de ESO.
- Visita de Manel Cráneo (1ªavaliación). 1º e 3ºESO. Confirmado o compromiso do autor. Subvención pendente de aprobación polo MEC.
- Libros viventes. Febreiro 2024.
- Roteiros de saúde e deporte. 3ºESO. Abril 2024.
- Asistencia a eventos culturais, fóra do centro por determinar, relacionados co currículo das materias do departamento que poidan xurdir durante o curso 2023-2024. (1ªav., 2ªav., 3ªav.). Todos os niveis.
- Visitas de autores e autoras relacionados coas lecturas de LG. (1ªav.2ªav.3ªav.). Todos os niveis. Por determinar.
- Percorrido pola Coruña de Luísa Villalta (2ª ou 3ªavaliación). ESO (niveis por determinar)
- Visita guiada á "Zona vella" da Coruña. (3ªavaliación). 3º e 4ºPDC.
- Celebracións vinculadas ao calendario escolar durante todo o curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Letras galegas...). Todos os niveis. (1ªav., 2ªav., 3ªav.)

Os obxectivos, metodoloxía, avaliación, criterios de promoción e de atención á diversidade así como a acción titorial e de orientación académica e profesional figuran nos documentos oficiais obrigatorios correspondentes. (Programacións dos distintos Departamentos e no Proxecto Curricular de Centro).
O Director

8- ANEXOS

8.1 Recursos e espazos.

A. Espazos de uso docente.

Segundo andar:

- 6 aulas grandes (capacidade 28): 4º ESO (3), 2º BAC (2) e CF (2).
- 2 aulas pequenas (capacidade 10): 2º PMAR, 1º PDC

Primeiro andar:

- 13 aulas grandes (capacidade 28): 1º ESO (4) e 2º ESO (3), 3º ESO (4) e 1º BAC (2). - 2 aulas pequenas (capacidade e16 y 10): 2º A DESDOBRE e Aula PT. Planta baixa:
- 1 aula pequena (capacidade 14): Convivencia.
- 1 despacho de Mediación.
- 1 aula-laboratorio de Ciencias Naturais.
- 2 aulas de desdobre. (capacidade 16)
- 1 aula-recursos: Biblioteca.
- 1 aula: Plástica-Debuxo,
- 1 aula: Música,
- 1 aula: Recursos e Informática.

Andar soto:

- 1 aula-taller dobre de Tecnoloxía.
- 1 aula-laboratorio de Física.
- 1 aula-laboratorio de Química.
- 1 Ximnasio equipado.
- 1 Salón de Actos equipado con 150 cadeiras de pa.
- 1 Almacén complementario do Ximnasio.

B. Espazos de uso complementario:

- 3 despachos para cargos directivos.
- 1 oficina para uso administrativo.
- 1 Sala de profesorado.
- 7 despachos para Departamentos.
- 1 sala de visitas e de uso pola ANPA.
- 1 despacho para uso do persoal subalterno (Conserxería).
- 3 almacéns (para mobiliario sobrante, para material funxible e para material obsoleto) - 1 cuarto para persoal de limpeza.

C. Materiais e/ou instrumentais.


- Fondos bibliográficos xerais e específicos e material de apoio docente (Departamentos)
- 4 equipos informáticos cunha impresora compartida e con acceso a internet e ao programa Xade, instalados na Sala de Profesores. 8 equipos informáticos con impresoras, instalados nos despachos dos Departamentos e con acceso a internet e ao programa Xade. 4 equipos informáticos con catro impresoras e con acceso a internet e ao programa Xade, instalados en despachos directivos. 1 equipo informático na Aula de Convivencia. 2 equipo informático en Aula PT. 2 equipos informáticos con impresora e con acceso a internet e ao programa Xade, un escaner-fax-fotocopiadora instalados en Administración. 6 equipos informáticos con impresoras instalados en: Laboratorio de Ciencias, Física, química, Tecnoloxía, Música, Plástica. 6 equipos informáticos cunha impresora e con acceso a internet e ao programa Xade, instalados na Biblioteca.
- 26 canóns de imaxe para usar: Audiovisuais, Aula de Recursos (30 puestos), Informática (32), Música,

Tecnoloxía, Laboratorio de CC.NN., Salón de Actos, e 19 aulas. Das 19 aulas, 8 delas teñen equipación Abalar (canóns, carro de portátiles e encerado dixital). 4 portátiles. - 1 cámara de fotos / video.
 - 3 pantallas fixas. 2 pantalla móbil.
 - Material e instrumentos específicos de materias: Educación Física, Música, Debuxo / Plástica-Visual. Idiomas, Xeografía-Historia, Bioloxía-Xeoloxía, Física-Química, Informática e outros.

D. Outros.

- 1 Cafetería.
- 1 ascensor de uso restrinxido.
- 8 servizos (6 para alumnado e 2 para profesorado e PAS).
- 1 servizo para persoas discapacitadas (compartido).
- 4 servizos-duchas (2 para alumnado e 2 para profesorado).
- 4 pequenos almacéns complementarios para material de limpeza.

8.2. Plano didáctico.



ENTRADA PRINCIPAL
DO INSTITUTO



CONSERXERÍA

AULAS



APA- ATENCIÓN ÁS
FAMILIAS

BIBLIOTECA

SALA DE
PROFESORES

Departamento de
LC / LG

Departamento de
CCNN / F e Q

Departamento de
FIL / MAT / TEC

AULA DE
CONVIVENCIA

P
R
A
N
T
A

B
A
I
X
A

(Corredor da
dereita)

ADMINISTRACIÓN

XEFATURA
DE ESTUDOS

SECRETARIA

DIRECCIÓN
VICEDIRECCIÓN

Departamento de
EPV / EF / MUS

Departamento de
ORIENTACIÓN

Departamento de
Linguas Estranxeiras
LATIN / GREGO

Departamento de
CCSS / FOL / REL

Baixada ao Salón de Actos.
Subida o 1º andar.



AULA / TALLER DE TECNOLOXÍA

LABORATORIO
DE QUÍMICA

S
O
T
O

LABORATORIO
DE FÍSICA

(Corredor da
dereita)

ALMACÉN DE
LIMPEZA

XIMNASIO

CADRO
ELÉCTRICO

ASCENSOR

SAIDA PATIO

CAFETERÍA



